

SOLICITA O QUE É TEU

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- > **DNI ou NIE en vigor** de cada persoa ou unidade familiar.
- > **Certificado de empadramento** que acredite o domicilio e as persoas que viven nel.
- > Outro tipo de documentación que acredite a túa situación de **vulnerabilidade económica e requisitos de acceso á prestación** como por exemplo o libro de familia, certificado de risco de exclusión social expedido por servizos sociais, contrato de aluguer, etc.

PODES SOLICITALO AQUÍ:



WWW.IMV.SEG-SOCIAL.ES

ISTO SI QUE É VITAL

OBRIGAS

- > **Informar dos cambios** que se dean na túa situación económica ou de empregabilidade
- > Presentar a **declaración do IRPF anualmente**
- > **Non pasar máis de 90 días ao ano fóra de España** (salvo por enfermidade debidamente xustificada).

INFORMACIÓN E APOIO
PARA O ACCESO AO
INGRESO MÍNIMO VITAL

ACCESO VITAL

NINGUÉN SEN O MÍNIMO

Se non che chega
para o básico

Se tes dificultades para
arrincar o mes

Se tes problemas para encher a ces-
ta da compra, para moverte ou vestir
aos teus...

ESTA AXUDA
É PARA TI

QUE É O INGRESO MÍNIMO VITAL?



Unha axuda económica do Goberno de España para previr
o risco de pobreza severa e a exclusión social.



Unha prestación que garanta un nivel mínimo de renda a
persoas en situación de vulnerabilidade económica.



Sabías que podes solicitar este ingreso, aínda que esteas
recibindo outras axudas e/ou teñas un emprego?



Coñeces o complemento á infancia do Ingreso
Mínimo Vital?

PODE SOLICITALO CALQUERA PERSOA OU UNIDADE FAMILIAR SE...

> TES POLO MENOS 23 ANOS.

Excepcionalmente podes solicitalo se
tes entre 18 e 22 anos se es vítima de:
violencia de xénero, de trata de seres
humanos e/ou explotación sexual.

Se provés de centros residenciais
de protección de menores baixo a
tutela de entidades públicas ou se es
orfo absoluto e vives só ou es menor
emancipado con fillos/as a cargo.

> TES RESIDENCIA LEGAL E EFECTIVA EN ESPAÑA DE FORMA CONTINUADA E ININTERROMPIDA DURANTE O ÚLTIMO ANO.

Unha vez concedida esta axuda, mantense mentres teñas as mesmas condicións e
cumpras coas obrigas.

Podes facer unha simulación aquí:



> SE O SOLICITAS COMO UNIDADE FAMILIAR NECESÍTASE QUE ESTA ESTE FORMADA, POLO MENOS, DESDE FAI 6 MESES.

> ESTAR EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA:

Cada caso é diferente e segundo as
persoas que vivan contigo haberá unha
avaliación dos ingresos necesarios e
patrimonio para optar a esta axuda.

Por exemplo: Como beneficiario/a
individual, se non superaches os
6.784€ de ingresos anuais no ano
2022, poderías pedila.